# 6 Sílaba tónica e acento gráfico



Nome ______________________________ Data ____________________

**1** Separa en sílabas cada nome. Despois, arrodea a cifra que expresa o número de sílabas que ten.


xoaniña
______________
4 5 sílabas


miñoca
______________
4 3 sílabas


mosca
______________
2 3 sílabas


bolboreta
______________
4 3 sílabas

**2** Relaciona cada animal co cadro que representa o conxunto de sílabas do seu nome.
Ten en conta que a casa sombreada corresponde á sílaba tónica.







**3** Arrodea a sílaba tónica de cada palabra.

- casa
- ordenador
- maletín
- báscula
- tómbola
- rotulador
- sólida
- música
- roupa
- televisor
- xanela
- conferencia

**4** Fíxate nos acentos gráficos e risca a palabra mal escrita de cada parella.


cesta / césta


correo / corréo


calcetín / calcetin


mascara / máscara


violín / violin

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

As palabras están formadas por sílabas. A sílaba que se pronuncia con máis intensidade nunha palabra é a sílaba tónica. As demais sílabas chámanse átonas. Exemplo: e-qui-po. Sílaba tónica ► qui; sílabas átonas ► e, po.

Nalgunhas palabras, a sílaba tónica márcase cun signo denominado acento gráfico. O acento gráfico é unha raíña que se coloca enriba da vogal tónica. Para determinar se unha palabra leva ou non acento gráfico, séguense unhas regras.

Material fotocopiable © 2014 Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.

# 6 O espazo. Sentido literal e sentido figurado

PLAN DE MELLORA. Ficha 3

Nome ______________________________ Data ____________________

**1** Subliña no poema nomes de elementos do espazo e cópiaos debaixo dos debuxos correspondentes.

De noite vexo a Lúa
e detéñome a observar,
e síntome moi miúda
como a fariña no pan.

Que inmenso é o espazo,
todo cheo de planetas,
satélites, estrelas
e unha chea de cometas!

Estrelas fugaces
coma un pestanexo.
«Axiña, de présa,
pide o teu desexo».

Quero ser astronauta
no espazo complexo!





______________ ______________s ______________ ______________ ______________

**2** Relaciona os elementos para obter as definicións completas.

| | |
|---|---|
| O sentido literal | é o significado que a palabra adquire ao usala de forma expresiva. |
| O sentido figurado | é o significado que a palabra ten en orixe e o que presenta habitualmente. |

**3** Marca as oracións en que as palabras destacadas se usan en sentido figurado.

- ☐ Os astrónomos acaban de descubrir unha nova estrela.
- ☐ Aquela moza é Noa Sueiro, a nova estrela da canción.

- ☐ Este rapaz sempre colabora nas tarefas da casa: é unha xoia!
- ☐ Os piratas roubaron a xoia máis valiosa da raíña e agachárona co resto do botín.

**4** Escribe oracións empregando a palabra sol en sentido literal e en sentido figurado.

______________________________________________

______________________________________________


Material fotocopiable © 2014 Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.